



ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

Bases do XVI Concurso de Postais de Nadal convocado polo Concello de Ribadumia

O Concello de Ribadumia convoca o Concurso de Postais de Nadal 2018, segundo as seguintes bases:

1.- Poderán participar no concurso de postais de Nadal tódolos nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, empadroados no Concello de Ribadumia ou escolarizados no CPI Julia Becerra Malvar ou no CRA de Ribadumia.

2.- Cada alumno presentará un único traballo e participará na categoría que lle corresponda segundo a etapa de estudos que estea a realizar:

- Infantil, primaria ou E.S.O.

3.- Os traballos realizaránse en tamaño de medio folio (tamaño cuartilla).

4.- Os devanditos traballos deberán facer alusión ao Nadal e a exaltación de valores como a solidariedade, a paz, a amizade, a familia, etc...

5.- As postais levarán na parte frontal unha palabra ou texto breve relacionado cos valores antes mencionados e no reverso os correspondentes datos persoais (nome, enderezo, teléfono, idade e curso escolar que estea a realizar)

6.- Os traballos presentados a concurso deberán ser orixinais e non ter participado noutros concursos.

7.- O **prazo** de presentación dos traballos comeza o día **23 de outubro** e mantense aberto **ata o 23 de novembro de 2018**, ás 14:00 horas no Concello e ás 21:00 horas na Biblioteca Municipal Francisco de Asis Fraga Castro "Cuco".

8.- En cada centro escolar haberá unha urna para cada un dos distintos ciclos educativos, onde depositaránse os traballos á vez que haberá outras dúas no Concello e na Biblioteca Municipal Francisco de Asis Fraga Castro "Cuco".

Finalizado o prazo de presentación dos traballos, persoal do Concello pasará a recoller as urnas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000E95B00Z2J1V0T1C2F8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 19/10/2018
CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 19/10/2018
08:36:36

EXPEDIENTE :: 2018308
18000162
Fecha: 04/10/2018
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO
GENERAL





ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

9.- As bases do presente concurso expóranse ó público no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadumia, na Casa de Cultura, nos taboleiros dos colexios, na páxina web e nas redes sociais.

10.- Constituiráse un xurado encargado da valoración e elección das postais gañadoras, o cal estará integrado por:

- 2 pais de cada parroquia elixidos mediante sorteo

- 3 traballadores municipais (Educador familiar e persoal colaborador do departamento de cultura).

11.- A cada un dos finalistas de cada unha das categorías premiaráselles cun agasallo que entregaráse o día 5 de xaneiro de 2019 ó remate da Cabalgata de Reis.

12. Os traballos presentados a concurso en cada unha das categorías pasarán a ser propiedade do Concello de Ribadumia.

Ribadumia, 18 de outubro de 2018.

David J. Castro Mougán.

Alcalde- Presidente.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000E95B00Z2J1V0T1C2F8 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2018308 18000162
	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 19/10/2018 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 19/10/2018 08:36:36	Fecha: 04/10/2018 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

